b) Xunto co emblema da Unión, incluirase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».

c) Tamén se usará o logotipo do Plan de recuperación transformación e resiliencia dispoñible na ligazón https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual

d) Tamén se empregará o logotipo oficial da Xunta de Galicia e o logotipo da Consellería do Medio Rural.

4. A persoa beneficiaria informará o público da axuda obtida do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, durante un período mínimo igual ao da obriga de conservación da documentación xustificativa da aplicación dos fondos que se recolle no artigo 29 da orde, exhibindo un panel de tamaño A3 (297×420 mm), segundo o modelo que se recolle no anexo XII, nun lugar ben visible, que faga referencia clara e inequívoca á axuda concedida, con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia, o logotipo da Consellería do Medio Rural e o emblema da UE, cunha declaración de financiamento que diga «Financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR, dispoñible na ligazón https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual

5. Cando a persoa beneficiaria dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír neste unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wav1g1

o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Artigo 31. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 32. *Réxime xurídico*

As axudas reguladas nesta orde ampáranse nas actuacións incluídas no investimento 3 (I3), restauración de ecosistemas e infraestrutura verde do compoñente 4 (C4) do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, segundo o acordado na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 9 de xullo de 2021, do 15 de decembro de 2021 e do 20 de xuño de 2022, e, polo tanto, o marco normativo básico é o seguinte:

– Regulamento (UE) núm. 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

– Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

– Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012.

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

– Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España aprobado o 16 de xuño de 2021 mediante decisión de execución do Consello de Europa.

– Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.

– Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

– Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establecen o procedemento e o formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

– Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

– Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia.

– Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

– Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

– Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wav1g1

– Orde do 19 de maio de 2014 pola que ese establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014.

Sen prexuízo das normas específicas de aplicación para os fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, que se poidan establecer, na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, incluídas as sectoriais, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que poidan resultar aplicables.

Disposición adicional primeira. *Réxime de axudas* de minimis

1. As axudas a persoas xurídicas que realicen actividades económicas que se poidan conceder ao abeiro da presente orde sométense ao réxime *de minimis*, Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, serie L), polo que cada persoa beneficiaria non poderá recibir máis de 300.000 euros de axudas sometidas ao antedito réxime, durante o período dos 3 anos previos.

2. Para tal efecto, as posibles persoas beneficiarias desta orde que realicen actividades económicas deberán xuntar, coa súa solicitude, declaración sobre calquera outra axuda sometida ao devandito réxime *de minimis* recibida nos 3 anos previos.

3. Na resolución de concesión farase constar o importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, así como a súa natureza *de minimis*, segundo o Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023.

Disposición adicional segunda. *Normativa subsidiaria*

No non previsto nesta orde observarase o disposto no Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19; no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia; no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013,

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wav1g1

(UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR; na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional cuarta. *Protección de datos das persoas físicas*

De acordo co establecido no artigo 14, alínea ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional quinta. *Conflito de intereses*

1. O presente procedemento de subvención está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses prevista na disposición adicional centésimo

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wav1g1

décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de concesión de subvención poderá solicitar aos solicitantes de axudas a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de Minerva. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse ao órgano de concesión de subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

3. Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do Minerva, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano de concesión de subvención.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 93 | Martes, 14 de maio de 2024 | Páx. 28933

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOUTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIROS | MR670D | SOLICITUDE |

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

## E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) |
|---|
| |

## DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

## DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | IBAN | | | | | | |



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**TIPO DE SOLICITANTE**

- ○ Comunidade de montes veciñais en man común
- ○ Persoa propietaria particular a título individual
- ○ Agrupación forestal de xestión conxunta inscrita no rexistro (incluídas Sofor)
- ○ Sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída
- ○ Pro indiviso (varias persoas copropietarias)
- ○ Cooperativa agraria
- ○ Comunidade de bens
- ○ Outras persoas xurídicas
- ○ Pro indiviso legalmente constituído (varias persoas copropietarias), montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo
- ○ Entidade local

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 93 | Martes, 14 de maio de 2024 | Páx. 28935

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**OUTROS DATOS (marcar o que proceda)**

| | |
|---|---|
| 1. CMVMC | ○ SI ○ NON |
| 2. Por cada membro de CMVMC, sociedades ou agrupacións de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso, de montes de varas, abertais, de voces, de fabeo ou de comunidade de bens. Nº de persoas agrupadas: | |
| 3. Sociedade ou agrupación de propietarios legalmente constituída con xestión conxunta | ○ SI ○ NON |
| 4. Agrupacións forestais de xestión conxunta inscritas no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta | ○ SI ○ NON |
| 5. Monte con proxecto de ordenación inscrito no Rexistro de Montes Ordenados ou que solicitasen a súa aprobación | ○ SI ○ NON |
| 6. Monte con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC | ○ SI ○ NON |
| 7. Sociedade ou agrupación de persoas propietarias en zona de concentración parcelaria forestal | ○ SI ○ NON |
| 8. CMVMC sen convenio ou consorcio en toda a superficie clasificada da comunidade de montes | ○ SI ○ NON |
| 9. Actuacións en zona de montaña ou con limitacións naturais significativas ou limitacións específicas | ○ SI ○ NON |
| 10. Zonas de alto risco de incendio forestal | ○ SI ○ NON |
| 11. Actuación en zona clasificada como Rede Natura 2000 | ○ SI ○ NON |
| 12. Solicitude de persoa propietaria particular, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens | ○ SI ○ NON |
| 13. Por cada parcela para a cal se solicitou axuda que estea dada de alta no Rexistro da Propiedade, no caso de persoa propietaria particular, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens. Nª de parcelas: | |
| 14. Actuacións en parcelas incluídas no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas | ○ SI ○ NON |
| 15. Persoa solicitante adherida á Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia | ○ SI ○ NON |
| 16. Os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental: | ○ SI ○ NON |

**AFECCIÓNS**

| | |
|---|---|
| - Afección do Camiño de Santiago | ○ SI ○ NON |
| - Afección ao inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia | ○ SI ○ NON |
| - Rede Natura 2000 e/ou nun hábitat do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou na Rede galega de espazos protexidos | ○ SI ○ NON |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) Augas de Galicia | ○ SI ○ NON |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Miño-Sil | ○ SI ○ NON |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Cantábrico | ○ SI ○ NON |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Douro | ○ SI ○ NON |
| - Afección en áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) e/ou lugares de especial interese paisaxístico (LEIP) | ○ SI ○ NON |
| - Afección zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre | ○ SI ○ NON |
| - Afección zonas de protección de estradas-Xunta de Galicia | ○ SI ○ NON |
| - Afección zonas de protección de estradas-deputación provincial | ○ SI ○ NON |

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO I**
**(continuación)**

### LIÑA DE AXUDA E DATOS DO INVESTIMENTO

LIÑA DE AXUDA (marcar só unha)

- ○ - Liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito.
- ○ - Liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiro.

DATOS DO INVESTIMENTO

| PROVINCIA | CONCELLO | ORZAMENTO TOTAL DO INVESTIMENTO SEN IVE |
|---|---|---|
| | | |

### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
   - ○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:
   - ○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
   - ○ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Que cumpre coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación de axudas previstas no seu artigo 10. Ademais, a entidade beneficiaria non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Que cumpre as disposicións contidas na orde.

6. Que non está inmersa nun proceso de concurso de acredores nin se encontra en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

7. Compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR, en concreto os seguintes:

   i. Declaración responsable do cumprimento do compromiso de etiquetaxe verde e dixital prevista no PRTR, con base no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. As actuacións recollidas nesta liña de axudas teñen asignado un campo de intervención cuxo código é o 050 con unha contribución do 40 % aos obxectivos climáticos e do 100 % aos obxectivos ambientais.

   ii. Declaración responsable do cumprimento do compromiso do principio horizontal de «non causar prexuízo significativo» (Do no significant harm, DNSH) que define o artigo 2.6 do Regulamento (UE) nº 2021/241do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, respecto dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE):

   a) Mitigación do cambio climático.
   b) Adaptación ao cambio climático.
   c) Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños.
   d)Transición cara a unha economía circular.
   e) Prevención e control da contaminación.
   f) Protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas.

   Atendendo ao tipo concreto de actuación, poderá resultar exixible o condicionado específico que recolle o número 8 do compoñente 4 do PRTR para este investimento (C04.I03).

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

8. Que, como persoa beneficiaria das axudas financiadas con recursos provenientes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 4 «Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade», coñezo a normativa que é de aplicación, en particular as seguintes epígrafes do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

   a) A letra d) do número 2: «para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, solicitar e asegurar o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

      i. O nome do perceptor final dos fondos;

      ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;

      iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, número 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);

      iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

   b) Número 3: «Os datos persoais mencionados no número 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, número 2, e 23, número 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

   Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

9. Que, como persoa beneficiaria das axudas financiadas con recursos provenientes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 4 «Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade», manifesto o compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptarei as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, e comunicarei, se é o caso, ás autoridades que proceda os incumprimentos observados. Adicionalmente, atendendo ao contido do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, comprométome a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesto que non incorro en dobre financiamento e que, se é o caso, non me consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

| Documentación xeral |
|---|
| 1. Acreditación da dispoñibilidade dos terreos: |
| ☐ Documento xustificativo de propiedade admisible en dereito ou, na súa falta, declaración responsable. |
| ☐ CMVMC: declaración responsable e de acordo cos datos do rexistro. |
| ☐ Monte de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo: declaración responsable e de acordo cos datos do rexistro |
| 2. Proxecto ou documento descritivo das actuacións |
| ☐ Propietarios particulares de xeito individual que soliciten axuda para unha superficie de actuación igual ou superior a 10 hectáreas, as entidades locais ou persoas xurídicas: proxecto. |
| ☐ Propietarios particulares de xeito individual que soliciten axuda para unha superficie de actuación inferior a 10 hectáreas: anexo IV |
| 3. Orzamentos ou ofertas (só un tipo) |
| ☐ Orzamentos ou facturas pro forma |
| ☐ Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores/as, en que figurarán detalladas as actuacións que se van realizar (só no caso de que o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior aos importes de contrato menor segundo o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público). |

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)**

**4. Outros**

☐ Número de expediente dixital da adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal, excepto en instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados:

☐ Declaración responsable da clasificación urbanística das parcelas e localización nos planos do PXOM ou nas normas subsidiarias ou no Plan básico autonómico da Xunta de Galicia (PBA). No caso dunha afección distinta da forestal (Camiño de Santiago, patrimonio, dominio público hidráulico, etc.) farase constar tamén nesta declaración responsable

**5. Para persoas propietarias particulares, sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares, de cooperativa agrícola, de pro indiviso (persoas copropietarias), de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo ou de comunidade de bens:**

☐ Copia do documento que acredita as parcelas están dadas de alta no Rexistro da Propiedade.

**6. Representación**

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna. | | | |

**Documentación específica**

**1. As comunidades de bens, asociacións sen ánimo de lucro e entidades sen personalidade xurídica:**

☐ Anexo II.

**2. Organizacións inscritas no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (incluído Sofor):**

☐ Anexo III.

**3. Entidades con personalidade xurídica (SL, SA, SAT, etc.):**

☐ Anexo V.

**Certificados, autorizacións e informes**

**1. Para CMVMC**

☐ Certificado do acordo tomado na asemblea xeral, asinado polo/a secretario/a, co visto e prace do/da presidente/a, conforme autorizan o/a presidente/a da CMVMC a pedir axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude.

**2. Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo**

☐ Acordo que autoriza a persoa representante da xunta xestora ou da asemblea de copropietarios do monte a presentar a solicitude da axuda, tomado en asemblea de copropietarios ou pola xunta xestora.

**3. Cooperativas agrarias ou SAT:**

☐ Certificado do responsable do rexistro.

**4. Entidades locais:**

☐ Certificado do/da secretario/a municipal conforme se informou a xunta de goberno local da solicitude de axuda.

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

5. Autorizacións/informes dos órganos competentes indicados no artigo 13 (incluída solicitude de avaliación de impacto ambiental, se é o caso)

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Autorización/informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda teñen actuacións en zona clasificada como Rede Natura 2000 ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente. | | | |
| ☐ Autorización/informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda comprende zona de protección lateral do Camiño de Santiago ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente. | | | |
| ☐ Autorización/informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda afectada pola normativa de patrimonio cultural de Galicia conforme o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, e calquera outra afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente. | | | |
| ☐ Autorización/informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental ou, na súa falta, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente. | | | |

## COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro **correspondente e achegar unha copia dos documentos**. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa solicitante | ☐ |
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social | ☐ |
| Estar ao día no pagamento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia | ☐ |
| Estar inhabilitado para recibir subvencións públicas | ☐ |
| Ter recibido axudas pola regra de minimis | ☐ |
| Consulta de concesións de subvencións e axudas da persoa solicitante | ☐ |
| Número de expediente dixital da adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal | ☐ |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS** A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | **AUTORIZO A CONSULTA** |
| NIF da entidade solicitante | ○ Si ○ Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria | ○ Si ○ Non |

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 93 | Martes, 14 de maio de 2024 | Páx. 28940

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída á persoa responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas á devandita persoa responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 30 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR670D).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

____________ , ______ de ____________ de ______

Cofinanciado pola Unión Europea | GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO | Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de ____________

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

**ACORDO DE TOMA DE RAZÓN**

MR670D - AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOUTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIROS

As persoas que asinan, como propietarias ou titulares da cesión do dereito de uso ao aproveitamento dos terreos onde se van realizar os investimentos, dan a súa conformidade a ____ con NIF ____, enderezo ____, para que figure como representante para os efectos de tramitación da petición de axudas ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024.

Así mesmo, acordamos asumir todo o disposto na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024, sendo exixible a cada un/unha de nós a responsabilidade do bo fin da actuación, e comprometémonos a cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos na devandita orde.

| NOME E APELIDOS | NIF | REFERENCIA CATASTRAL | SUPERFICIE DE PARTICIPACIÓN | SINATURA |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

De ser necesario, poderanse presentar varias destas páxinas.

Don/Dona ____, con NIF ____,
acepta a representación conxunta.

Lugar e data

____, ____ de ____ de ____

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de ____



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

**TOMA DE RAZÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS ESTABLECIDOS NA ORDE**

MR670D - AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOUTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIROS

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| RAZÓN SOCIAL | NIF |
|---|---|
| | |

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** que as persoas que se relacionan:

- Forman parte da agrupación forestal de xestión conxunta, ben como propietarios ou como cedentes dos dereitos de usos e aproveitamento dos terreos da AFXC onde se van realizar os investimentos.
- Foron informadas da solicitude da subvención ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024.
- Foron informadas dos compromisos e obrigas establecidos na citada orde, así como, na demais lexislación concorrente, sendo exixible a cada un/unha deles segundo a lexislación aplicable.
- Se comprometeron a asumir e cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos na devandita orde.

| NOME E APELIDOS | NIF | REFERENCIA CATASTRAL |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

De ser necesario, poderanse presentar varias destas páxinas

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

_______________ , ______ de ______________ de ________

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia | Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU | Gobierno de España, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de ______________

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

**DOCUMENTO DESCRITIVO DAS ACTUACIÓNS**

(só para persoas propietarias particulares de forma individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas)

MR670D - AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOUTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIROS

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**I. ESTADO LEGAL**

| NOME DO PREDIO | SUPERFICIE DE ACTUACIÓN |
|---|---|
| | |

SITUACIÓN

| PROVINCIA | CONCELLO | PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|---|---|
| | | | |

ESTREMEIROS

| NORTE | SUR | LESTE | OESTE |
|---|---|---|---|
| | | | |

ACCESO

**II. LIÑA DE AXUDA E DATOS DO INVESTIMENTO**

◯ Liña I: fomento de plantacións de castiñeiro para froito.

◯ Liña II: rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiro.

DATOS DO INVESTIMENTO

| PROVINCIA | CONCELLO | ORZAMENTO TOTAL DO INVESTIMENTO SEN IVE |
|---|---|---|
| | | |

Descrición das actuacións que se van realizar: (das epígrafes indicadas no punto anterior, indicar brevemente as actuacións que se van realizar: tratamento da vexetación preexistente, preparación do terreo, plantación manual, planta...)

**III. DATOS SIXPAC**

Parcela nº ______ Plantación de especie: ______ Clave da especie: ______

| DESCRICIÓN SIXPAC OU, NA SÚA FALTA, CATASTRAL | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Superficie (ha) | | |
| Código concello/ agrupado | Zona | Polígono | Parcela | Recinto ou subparcela | Sixpac ou catastral | Afectada/ superficie de actuación | Aproveitamento actual (1) |
| | | | | | | | |

| Clave do traballo | Concepto | Nº unidades | Custo unidade | Orzamento/Investimento |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Parcela nº ______ Plantación de especie: ______ Clave da especie: ______

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV
(continuación)

| DESCRICIÓN SIXPAC OU, NA SÚA FALTA, CATASTRAL | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Superficie (ha) | | |
| Código concello/ agrupado | Zona | Polígono | Parcela | Recinto ou subparcela | Sixpac ou catastral | Afectada/ superficie de actuación | Aproveitamento actual (1) |
| | | | | | | | |

| Clave do traballo | Concepto | Nº unidades | Custo unidade | Orzamento/Investimento |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

(1) "forestal" (FO), **"matogueira"** (MT), "pasto con arboredo" (PA), "pasto arbustivo" (PR), "pasteiro" (PS), "froiteiras" (FY), "terras arables" (TA)
No caso de ter máis parcelas, cubriranse tantas follas como sexan necesarias.

**IV. A superficie de actuación comprende zonas incluídas na Rede Natura 2000?**
◯ SI ◯ NON

**V. A superficie de actuación comprende zonas de protección lateral do Camiño de Santiago?**
◯ SI ◯ NON

**VI. Na superficie de actuación existen obxectos ou restos materiais afectados pola normativa do patrimonio cultural de Galicia?**
◯ SI ◯ NON

**VII. Terreos que proveñen de concentración parcelaria?**
◯ SI ◯ NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos persoais e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

_______________ , ______ de ______________ de ________

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de ______________

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO V

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

MR670D - AXUDAS AO FOMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO E PARA A REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE SOUTOS TRADICIONAIS DE CASTIÑEIROS

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| RAZÓN SOCIAL | NIF |
|---|---|
| | |

**DATOS DA PERSOA SECRETARIA**

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**CERTIFICA**

Que o consello reitor desta entidade, reunido en ______

o día ______, acordou:

- Solicitar a subvención que corresponda de acordo co establecido na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024.
- Autorizar a ______, con NIF ______, como persoa encargada da realización dos trámites necesarios.
- Aprobar a realización dos investimentos que se citan a seguir:

| | |
|---|---|
| 1 | |
| 2 | |
| 3 | |
| 4 | |
| 5 | |

**SINATURA DA PERSOA SECRETARIA**

Lugar e data

______ , ______ de ______ de ______

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Gobierno de España · Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de ______

CVE-DOG: m7crtn43-yar4-lom3-yy52-nx2s9wvav1g1

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 93 | Martes, 14 de maio de 2024 | Páx. 28946

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO VI

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

